

NOTA INFORMATIVA SOBRE AS AXUDAS PARA A SUBMINISTRACIÓN DE FROITAS FRESCAS E LEITE ESCOLAR. CURSO 2022/2023

QUEN PODE SOLICITAR A AXUDA

Os solicitantes da axuda serán **OS CENTROS ESCOLARES** que pertencen aos niveis de ensino de educación infantil **de segundo ciclo**, primaria e secundaria, que comprenderá a educación secundaria obrigatoria, o bacharelato e a formación profesional de grao medio, que teñan a súa sede en Galicia.

PRODUTOS QUE SE SUBVENCIONAN

- Froitas frescas e castañas e
- Leite líquido de consumo e as súas versións sen lactosa.

PERÍODOS DE SUBMINISTRACIÓN, CALENDARIO DE DISTRIBUCIÓN E RACIONES

1) A subministración nos centros escolares farase durante os seguintes períodos de reparto autorizados:

1º período: de novembro de 2022 a febreiro de 2023 (ambos incluídos).

2º período: de marzo a xuño de 2023 (ambos incluídos).

A distribución de froitas frescas e castañas levarase a cabo, para cada un dos períodos, durante 10 días lectivos consecutivos.

A distribución de leite líquido de consumo levarase a cabo, para cada un dos períodos, durante un mínimo de 20 días lectivos consecutivos.

2) A ración máxima de consumo por alumno/a e día é de:

a) Froitas frescas e castañas: 0,17 kg.

b) Leite líquido de consumo e as súas versións sen lactosa: 200 cc.

AXUDA PARA A SUBMINISTRACIÓN E A DISTRIBUCIÓN DE PRODUTOS

Os importes máximos subvencionables son os establecidos no Anexo I da resolución de convocatoria da axuda, cun incremento do 30% para produtos avalados por réximes de calidade (columna da dereita do Anexo).

No caso do leite, para atopar facilmente este produto a un prezo de mercado que non supere os importes da columna central do Anexo I, recomendamos elixir leite amparado nun Réxime de Calidade coma é o caso do leite con selo **"Galega 100%"** pois neste caso o importe subvencionable é maior (o da columna da dereita do Anexo I) e, ademais, estamos apoiando aos nosos gandeiros.



TEÑAN EN CONTA que os importes dese anexo correspóndense coa base imponible, hai que engadir-lles o importe correspondente ao IVE (4 %) cando se calcule a axuda a solicitar.

PRESENTACIÓN E TRAMITACIÓN DA SOLICITUDE DE AXUDA (Código do procedemento MR265B)

É OBRIGATORIO SOLICITAR OS DOUS GRUPOS DE PRODUTOS (FROITAS E LEITE).

Para a presentación da solicitude de axuda, **para este curso non é necesario gravar previamente na aplicación informática LEFRES** os datos relativos á previsión de reparto de froita e de leite.

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. O código deste procedemento é **MR265B**.

Na Sede electrónica da Xunta de Galicia, no procedemento MR265B teñen que:

- Presentar un Anexo II xunto co Anexo II-A, de aceptación de compromisos e certificación de datos do centro escolar, para o grupo de produto de froitas frescas e castañas e tamén
- Presentar un Anexo II xunto co Anexo II-B, de aceptación de compromisos e certificación de datos do centro escolar, para o grupo de produto de leite líquido de consumo.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo para presentar as solicitudes de axuda remata o **20 de setembro de 2022** (incluído). **Recomendamos non agardar á última semana para realizar todos os trámites por se xorde algún imprevisto.**

IMPORTANTE:

Unha vez que lle chegue a notificación da resolución de adxudicación da axuda, o centro escolar elixirá ao provedor de froita e/ou de leite ao que lle mercarán os produtos, para elo deberá solicitar un mínimo de tres ofertas de diferentes provedores para a froita e para o leite. Deberán avaliar, polo menos, a independencia das ofertas, que os elementos das ofertas sexan comparables, así como a claridade e o detalle da descrición das mesmas. A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme a criterios de eficacia e economía, debendo xustificarse expresamente a elección cando esta non recaia na proposta económica máis vantaxosa, así como, no seu caso, na inexistencia de suficientes provedores.

Para xustificar o gasto no seu momento, xunto coa SOLICITUDE DE PAGAMENTO, achegará as tres ofertas solicitadas, as facturas de compra e unha proba do seu pagamento.